

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA A CELEBRACIÓN DO "ANO MANUEL MARÍA"

En Santiago de Compostela, a 16 de Marzo de 2016.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE, don **Alfredo L. García Rodríguez**, na súa condición de **Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias** (en adiante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 30 de outubro de 2015.

DOUTRA PARTE dona **Saleta Goy García**, **Presidenta do padroado da Fundación "Manuel María de Estudos Galegos"**, segundo a escritura outorgada na cidade da Coruña o 20 de marzo de 2007 ante o notario D. Juan Cora Guerreiro, con número seiscentos trinta e un.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

A handwritten signature in blue ink that reads 'Saleta Goy' with a large, circular flourish underneath.A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Alfredo', with a long vertical flourish extending downwards.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Fundación Manuel María de Estudos Galegos inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2007/6, é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral.

Segundo.- A Fegamp, ten entre os seus fins, definidos no artigo 6 dos seus Estatutos e no seu punto c): “A promoción e o desenvolvemento da cultura e lingua galega no ámbito local”.

Terceiro.- A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra, sendo o primeiro autor novo que publicou un libro en galego após a Guerra Civil (*Muiñeiro de brétemas*, 1950). O seu corpus literario comprende máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro. A súa obra poética constitúe un dos territorios creativos máis ricos da literatura galega. Entre os premios cos que foi recoñecida a súa obra e a súa figura destacan o *Premio Otero Pedrayo* -que outorgan as catro Deputacións galegas -, o *Pedrón de Ouro*, o premio *Celanova, casa dos poetas* e o premio *Irmandade do Libro*. Recibiu o título de Fillo Adoptivo de varias cidades e vilas e o de Fillo Predilecto da súa vila natal, Outeiro de Rei. No ano 2003 entrou na Real Academia Galega, cargo para o que xa fora proposto en 1968 polos académicos Xosé María Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín.



Cuarto.- Falarmos de Manuel María é falarmos de alguén que ocupou gran parte do seu tempo vital en coñecer física e intelectualmente o seu país e plasmar literariamente todo o coñecemento que por medio da lectura, da observación e da conversa humana foi atesourando, sempre cun lúcido afán divulgativo. Ao xeito de clásicos como Ramón Otero Pedrayo, en cuxo maxisterio e amor ao país el mesmo bebeu, ou do xeógrafo Domingo Fontán, co que se identificaba, Manuel María chegou a coñecer o país parroquia por parroquia: divulgador dos feitos que conforman a nosa historia, da nosa riqueza patrimonial e paisaxística, da nosa etnografía, etc.

Quinto.- En sesión do pasado día 4 de xullo, o plenario da Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2016 á figura de Manuel María. Unha rápida ollada á súa traxectoria vital, ampla e polifacética obra, incansábel activismo social, cultural, na defensa da lingua ou do país e mesmo a súa humana e xenerosa forma de ser, de entender a vida e de se relacionar fan presaxiar unhas Letras moi dinámicas e participativas que, con toda seguridade, irán moi alá da data concreta do 17 de maio e de celebracións ou publicacións de carácter institucional ou estritamente académicas.

Sexto.- Polo presente convenio establécense as condicións polas cales se rexerá este Convenio entre a *Fegamp* e a *Fundación Manuel María de Estudos Galegos*, ambas as dúas partes coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de difusión, protección e conservación do noso patrimonio cultural.



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Aproveitando a efeméride das Letras Galegas de 2016, é vontade da Fegamp e da Fundación Manuel María de Estudos Galegos difundir a obra do escritor entre o máis amplo público posíbel. En consecuencia, esta convenio ten como finalidade a extensión da obra literaria de Manuel María entre a poboación galega e o coñecemento da súa figura.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA FEGAMP

A Federación Galega de Municipios e Provincias comprométese a difundir, avalar e potenciar o contido deste Convenio entre as Entidades Locais de Galicia, recomendando ás mesmas a realización de actividades, atendendo ao modelo incorporado no Anexo I do presente documento. ou calquera outras que consideren en relación co obxecto deste convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos comprométese a facilitar canto material dispoña sobre Manuel María sempre que estea en condicións de préstamo e, así mesmo, canto asesoramento quixer sobre a figura de Manuel María ou da cultura galega en xeral, ademais dos distintos xeitos de colaboración relacionados no Anexo I do presente documento.

A handwritten signature in blue ink that reads 'Saletta Gay'.A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'ah'.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO DA COLABORACIÓN

Naqueles casos que as actividades desenvolvidas recollidas no Anexo I teñan un custe económico, acordarase entre as respectivas Entidades Locais interesadas e a Fundación o xeito de colaboración en forma de achegamento de crédito.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Aos efectos de realizar o seguimento do desenvolvemento das diferentes actuacións deste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento composta por un representante da Fegamp e un representante da Fundación.

Serán funcións desta Comisión, facer o seguimento das actuacións que se leven a cabo en desenvolvemento do presente Convenio de colaboración e resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

A Comisión reunirase cando as circunstancias así o demanden.

SEXTA. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.



SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución anticipada deste Convenio o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes ou a denuncia dunha das partes formulada cun aviso previo á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha, todo elo sen prexuízo da vontade de continuación de colaboración particular entre unha Entidade Local asinante de Protocolo de Adhesión e a Fundación.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento do mesmo.

A Presidenta da
da Fundación Manuel María



Asdo.: Saleta Goy García

O Presidente
da Fegamp



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez

ANEXO I

PROPOSTA ABERTA DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

ORIENTACIÓNS XERAIS

Desde Fegamp, a Fundación Manuel María de Estudos Galegos e a Casa-Museo Manuel María desexamos, antes que ningunha outra cousa, para a celebración do *Ano Manuel María 2016* que o pobo galego lea e coñeza a súa obra. Nese sentido a Fundación está a facer un grande esforzo na publicación e difusión dos seus títulos máis emblemáticos.

Mais nun convenio deste tipo do que se trata é de achegar a todos os concellos unha serie de propostas tendentes a promover a lectura das obras do escritor entre os diferentes públicos e tamén a facer unha serie de actividades moi participativas arredor de ditas obras. Poden ser iniciativas levadas a cabo directamente polos concellos ou ben que desde estas institucións se promova unha acción conxunta con colexios, bibliotecas, asociacións de veciñais, culturais, profesionais, librarías, establecementos públicos...

Con estas proposta de ningunha maneira quérese substituír a iniciativa nin coartar a actuación desas institucións, senón realmente todo o contrario: facilitar o seu traballo e ofrecer diferentes posibilidades que poidan enriquecer o que xa estas institucións teñen previsto.

PROPOSTAS CONCRETAS

1.- Concurso escolar de recitado poético con fase final a nivel do concello

Destinatarios: O público escolar, considerando catro categorías:

1. Educación infantil e 1º e 2º de primaria
2. Cursos 3º, 4º, 5º e 6º de primaria
3. Educación secundaria
4. Bacharelato



Descrición: Co obxectivo de potenciar a expresión oral e a creatividade dos/as escolares e o coñecemento da obra de Manuel María, realizarase un concurso de recitado dos seus poemas contemplando catro categorías. Poderá ter dúas fases: unha primeira nos centros educativos da que sairán os/as finalistas para a segunda que se poderá realizar a nivel de concello. Unha data referencial para a 2ª fase pode por volta do 21 de marzo, Día da Poesía.

Realización: Desde o concello dirixirse a todos os centros do término municipal para trasladarlles a proposta e fixar conxuntamente a data da fase final.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Achegar un modelo de bases para a 2ª fase do concurso.


2.- Exposición a nivel do concello dos traballos escolares:

Destinatarios: Os centros de ensino de cada concello e a poboación en xeral.

Descrición: Cada centro de ensino participante porá a disposición do seu alumnado distintos textos de Manuel María para que os ilustre en formato grande. Cada aula (ou curso) construíra con este material o seu gran libro, que se exporá conxuntamente cos demais nunha instalación apropiada (Casa da Cultura, biblioteca, Casa do Concello...) para ser visitada polo alumnado e as familias de todo o concello. A exposición pode completarse con libros, murais, recordos escolares (por exemplo, se algunha vez estivo Manuel María en algún deses centros ou no concello, ou se o alumado fixo algunha actividade sobre el en anos anteriores...a inauguración da biblioteca, outras celebracións...). Será bo ambientar dita exposición coa reprodución en formato grande das portadas dos libros de Manuel María, ilustracións que aparecen en algunha desas obras, fotografías do autor...

Realización: Desde o concello dirixirse a todos os centros do término municipal para trasladarlles a proposta e fixar conxuntamente a data da exposición conxunta.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Podemos achegarvos a ilustración dalgún poema do escritor en formato grande, fotografías, ilustracións dos libros, portadas das súas obras.



3.- O noso é puro teatro

Destinatarios: 1. Alumnado dos centros do concello. 2. Adultos

Descrición: Manuel María deixounos escritas unhas trinta obras de teatro polo que sería bo programar a representación de algunha delas no concello. Desde a Fundación podemos pasarnos o contacto de algunha desas compañías. De todos os xeitos, como esa obra é ampla e adaptada a idades moi diversas, a súa representación é unha tarefa moi viábel, educativa e gratificante tanto para os centros de ensino como para o público en xeral. Obras como *As aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* é facilmente adaptábel a públicos moi diferentes. Esta proposta trata, pois, de promover a representación dalgún dos textos dramáticos de Manuel María nos centros escolares e tamén de animar a formación dun grupo de teatro amateur no concello. O 27 de marzo é o Día do Teatro (este ano cae en domingo), polo que sería unha boa data para a estrea destas representacións. Unha opción diferente, e mesmo compatíbel coa anterior, é a lectura dramatizada da súa obra.

Realización: O concello é a institución apropiada para a levar a cabo esta actividade, aínda que tamén se pode facer nos centros de ensino.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Podemos achegarvos diferentes textos teatrais, algúns deles xa dispoñíbeis na nosa páxina web.

4.- "Quedada" literaria

Destinatarios: Con vocación de convocar a toda a veciñanza.

Descrición: Farase un chamado a toda a poboación para unha lectura ininterrompida da obra de Manuel María nun tempo non curto, que pode ter o *plus* da nocturnidade (de 9 a 12 da noite) ou nunha hora máis habitual e durante máis tempo (o horario da biblioteca un sábado, desde que abre até que pecha). As persoas van intercambiando o seu papel entre público e lector/a. É moi importante que esta convocatoria sexa moi ampla e intensa; pode ser o inicio de algo que irá medrando, que comeza con Manuel María e seguirá con outros autores e autoras.

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria, aínda que deberá traballar en coordinación cos centros de ensino.



5.- Non hai canto tan fermoso: fino como un asubío.

Destinatarios: Todos os públicos.

Descrición: Manuel María é un dos autores galegos máis musicados: Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, A Quenlla, María Manuela, Miro Casabella, Milladoiro, Uxía, Xabier Díaz, Roi Casal, Pirilampo... Desde a Fundación podemos trasladarvos o contacto para a programación dun concerto musical dun grupo profesional que presentan os temas de Manuel María. Mais tamén é moi interesante non esquecer que na nosa proximidade tamén adoita haber persoas con formación e talento para a interpretación musical que convén potenciar e estimular. Temos, ademais, a grandísima vantaxe de que é moi fácil atopar música de todos os estilos feita sobre poemas de Manuel María, da que sempre se poderá realizar unha nova versión. Aproveitando todas estas posibilidades podemos organizar diferentes actividades:

- Concerto dun grupo profesional con música feita sobre poemas de Manuel María
- Concerto do alumnado que asista ao Conservatorio, Escola de Música...
- Velada musical con alumnado, logo dun proceso de aprendizaxe nos centros de ensino, da poesía infantil de *Os sonhos na gaiola* ou *As rúas do vento ceibe*.
- Grupos de música tradicional que interpreten pezas de Manuel María.
- Grupo coral de adultos/as.
- Grupo/s de pandereiteir@s e gaiteir@s.

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria.

6.- Cantos contos contas ti?

Destinatarios: Alumnado dos centros de ensino e público en xeral.

Descrición: Aínda que é máis coñecido como poeta, Manuel María tamén é un gran narrador. Nesta actividade aproveitaremos esta faceta do noso escritor para procurar a mellora do uso oral do galego e contribuír a que o noso idioma se converta en instrumento normal de comunicación e creación de historias. Trátase de realizar sesións de contacontos baseadas nos textos narrativos de Manuel María.



Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria, aínda que deberá traballar en coordinación cos centros de ensino.

7.- Un agasallo para Manuel: realización de videopoemas.

Destinatarios: Alumnado dos centros de ensino do concello.

Descrición: Trátase de crear videopoemas mediante imaxes, sons e palabras que interactúan entre si para crear algo novo. Aproveitando o interese da mocidade polo mundo audiovisual e co obxectivo de propiciar un diálogo íntimo coa poesía que permita transmitir e crear unha mensaxe poetizada, convocaremos o alumnado dos centros de ensino do concello para a realización de videopoemas cun tratamento estético e visual totalmente libre, cunha única limitación de tempo (inferior a 3 minutos, p.e.) que se proxectarán nunha xornada final de exhibición pública, con agasallos aos participantes (por exemplo, unha visita en grupo á Casa-Museo...).

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria, aínda que deberá traballar en coordinación cos centros de ensino.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Cada concello poderá enviarnos o que considere o mellor traballo para dármoslle publicidade na nosa páxina web.

8.- Debuxando a Manuel María

Destinatarios: Toda a poboación.

Descrición: Trátase da realización de murais en espazos públicos predeterminados que fagan referencia á obra de Manuel María. O seu obxectivo é divulgar os versos, frases, lemas... que sexan representativos do pensamento de Manuel María e tamén do espírito que nos une. Tan só como exemplo: "Renunciar ao idioma é ser mudo e morrer, precisamos a lingua se queremos vencer". Esta actividade debe ser moi participativa. A parte plástica debe ser "central" nela. Pode ter distintas modalidades perfectamente compatíbeis entre si:

- 1) Realización de murais por parte dos escolares nos valados ou outros espazos nos centros de ensino.
- 2) Convocatoria dunha xornada "grafiteira" para que en un ou varios valados visíbeis se realicen grandes murais con vocación de permanencia. Serán feitos de xeito colaborativo polas persoas que así o desexaren, con independencia da súa idade.



3) Realización de diferentes murais efémeros convidando a todas as persoas habitantes dun lugar, nunha data determinada (20 de marzo, p. ex. pois o 21 é o Día da Poesía...) a escribir un poema de Manuel María con xices de cores nun espazo público (praza, rúa peonís...)

4) Convocatoria dos/as artistas locais para que realicen a actividade.

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria.

9.- O poeta na túa vila.

Destinatarios: a poboación en xeral.

Descrición: Trátase de que os concellos coloquen distintos poemas/fotografías de Manuel María, en formato grande (lonas, murais), en diferentes lugares do Concello. É importante darlle visibilidade á obra de Manuel María, polo que debemos escoller un lugar de paso, céntrico....

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria.

10.- Abriuse en min a alegría docemente.

Destinatarios: Escolares e toda a veciñanza en xeral.

Descrición: Trátase de promover a lectura da obra de Manuel María e con ela que afloren as potencialidades artísticas que os/as máis novos/as levan dentro. Por iso, nesta actividade propomos que o alumnado, despois de ler a obra de Manuel María (particularmente "O bigote de Mimí" para os/as máis pequenos/as e "Os sonhos na gaiola" ou "As rúas do vento ceibe" para os/ máis grandiños/as) reproduzan un deses textos, o ilustren ou decoren e mesmo escriban á súa beira un poema de creación propia. Logo levarano para a casa e meterano anonimamente nalgunha caixa de correos de veciñas e veciños para coñecemento e sorpresa súas.

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria.

11.- O silencio rómpese ... como un lago

Destinatarios: Toda a poboación en xeral e, particularmente, a clientela dos distintos establecementos públicos do concello: cafetarías, bares, panadarías, tendas...

Descrición: Aproveitando que Manuel María deixounos unha poética moi variada, podemos pendurar nos establecementos públicos poemas que



Sabela Bay
20.2



A/a

fagan referencia á actividade que se desenvolve nese espazo: o viño, o pan, o trigo, as patacas, os animais... Ademais, poderase reproducir ese mesmo poema (ou outro) para que a clientela poida levalo.

Realización: Desde o concello dirixirse a todos aos establecementos públicos, ou ben ás asociacións de viciños, para trasladarlles a proposta e colaborar na súa realización.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Podemos achegarvos algúns exemplos de deseño para os poemas pendurados.

12.- Para presumir de biblio

Destinatarios: Bibliotecas municipais e usuari@s

Descrición:

1) Trátase de pór en marcha "a maleta familiar": as bibliotecas municipais disporán dunha pequena maleta con materiais representativos que procuren cubrir diferentes idades e intereses. A modo de suxestión, a maleta podería conter: media ducia de libros de poesía para diversas idades; un vídeo; un ou dous discos, poemas lidos por MM, un par de libros en prosa... e un caderno para anotacións. Cada semana levará a maleta á súa casa un neno ou nena. Toda a familia aproveita o seu contido. No caderno escriben as súas impresións, suxestións... todos os membros da familia que o desexaren.

2) Pode ser interesante que a biblioteca teña ben visíbel algo da obra de Manuel María e que sexa suficientemente emblemático e representativo. Nós queremos axudarnos a "vestir" a vosa biblioteca e podemos proporcionarvos o deseño dalgunha cousa por se vos encaixa:

3) Investigar se Manuel María visitou o voso concello, se hai algunha fotografía que documente iso. Comprobar se fixo un poema sobre algún dos seus espazos ou persoas representativas, se hai algunha fotografía, algún artigo xornalístico... Nós tamén che axudaremos a darlle publicidade desde a Casa-Museo e desde a nosa páxina web. Tamén recibimos con agarimo calquera documento deste tipo para mostralo na Casa-Museo.

13.- Concurso de "videoclips"

Destinatarios: Mozas e mozos entre 12 e 18. Maiores de 18 anos

Descrición: Promoverase un concurso consistente na realización dun spot publicitario que teña como obxectivo provocar o interese pola obra



e a figura de Manuel María e animar á súa lectura mediante producións audiovisuais.

Realización: O concello é a institución apropiada para a convocatoria, en colaboración cos centros de ensino e asociacións.

Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Podemos publicitar os videoclips gañadores na nosa páxina web.

14.- Para facer as amizades.

Destinatarios: Poboación entre 8 e 20 anos

Descrición: Queres ser amigo ou amiga da Casa Museo no 2016? Só tes que pedilo! E a cambio nós ofrecémosche o carné do Clube de Amigas e Amigos da Casa Museo Manuel María (entre 8 e 20 anos). As amigas e amigos teñen que saber que pertencer a este selecto clube require cumprir con algunhas obrigas:

- Tes que visitar a Casa-Museo Manuel María
- Tes que comprometerte a que serás un defensor ou unha defensora da súa obra.
- Tes que convidar as túas amizades a visitarnos.
- Nós agasalláremoste con un retrato lector: se tes carné do clube envíanos un retrato teu lendo a obra de Manuel María e serás a nosa portada da páxina web. Así mesmo, farás parte das imaxes que se amosan nas pantallas da Casa-Museo.

Atrévete a facer de guía? Ofrecémosche a posibilidade de guiar unha visita de fin de semana na Casa-Museo, baixo a túa dirección e coa nosa axuda.

Realización: O concello debe dar difusión á iniciativa e os/as interesados/as poden dirixirse ao seguinte enderezo: contacto@casamuseomanuelmaria.gal

15.- Fotografando a literatura

Destinatarios: Mozas e mozos menores de 30 anos

Descrición: Exposición de fotografía dixital: esta actividade ten como finalidade o fomento da lectura da obra de Manuel María e do acto de ler, en xeral, apoiándose na imaxe como estímulo visual para descubrir o atractivo da lectura. Cada proposta presentada debe vir acompañada dun poema de Manuel María, ou dun texto narrativo. Coas propostas de



lectura e fotográficas realizarase un sinxelo PPT que en formato bucle pode estar nun espazo público en datas sinaladas.

Realización: A iniciativa debe correr a cargo do concello en colaboración co asociacionismo existente.

16. Libros en toda parte

Destinatarios: Toda a poboación en xeral.

Descrición: Trátase de levar os libros a novos espazos non habituais e facelos visíbeis alí onde non é o seu lugar "natural" e que, ademais, préstase á súa lectura nos momentos de espera: o centro de saúde, a perruquería, a panadaría, a taberna, a cafetería,... Poden ser libros adquiridos polo concello, libros de préstamo se son da biblioteca ou mesmo libros para vender se son das librarías. Tamén pode realizarse con libros ou con poemas soltos en formato grande, en cartolina, cartón-pluma, pvc,... Esta actividade dará maior visibilidade á obra de Manuel María, mais tamén se pode aproveitar esta celebración para crear este hábito e facelo extensivo a toda a literatura galega.

Realización: Terá que ser unha iniciativa do concello


Colaboración da Casa-Museo Manuel María: Podemos achegarvos deseños con diversos poemas para que escollades o que vos pareza máis apropiado para ofrecerllo a cada espazo concreto.

17.- O Camiño é unha nostalxia

Destinatarios: Público en xeral.

Descrición: En Outeiro de Rei, moi próxima á cidade de Lugo, abriuse a Casa-Museo Manuel María a partir da remodelación da casa natal do escritor. Alí deposítase todo o seu legado e pode ser visitada tanto polo público adulto como polos centros escolares, sempre guiados por personal da Casa-Museo. Trátase, pois, de que os concellos organicen diferentes visitas en colaboración coas distintas asociacións e aproveiten, ademais, para aproximarse a unha contorna especialmente rica no que se refire ao seu patrimonio natural e artístico, tamén referenciado na obra de Manuel María. As alternativas poden ser diversas, senguendo o concello do que se trate:

- Visitar a Casa-Museo Manuel María



- Realizar diferentes roteiros, se é o caso, que poden sinalizarse con vocación de permanencia, co duplo obxectivo de coñecer a nosa contorna e gozar coa obra de Manuel María.
- Os lugares que namoraron o poeta: Visitou Manuel María o voso concello, a vosa bisbarra? Visitar eses espazos polos que el andou, con parada en cada un para realizar lectura de poemas...
- Rutas naturais e literarias, onde sexa posíbel, descubriendo o medio natural a través dos poemas de Manuel María (ten moitos poemas sobre os ríos, as árbores, as follas, os animais, os paxaros, as colleitas ...)

Realización da actividade: Os concellos en colaboración coas diferentes asociacións.

18.- As árbores no meu cole... ou na miña vila/cidade

Destinatarios: Nenos/as organizados/as no colexio, no barrio, o concello...

Descrición: Esta actividade ten como obxectivo coñecer as árbores coas que convivimos a diario xunto ao colexio, no barrio, xunto á casa... os nenos e nenas. Trátase de identificar as árbores e fotografalas cos detalles das follas e a cortiza. Logo investigar se Manuel María lle compuxo algún poema (ten moitos). Se é así, imprimirémolo, plastificarémolo e porémolo ao pé da árbore correspondente. Logo elaboramos unha ficha recollendo a información que nos interese de cada árbore e editarémola para expoñela nos corredores do cole, na Casa da Cultura, na asociación de veciños/as... Por fin, o Día da Árbore, por exemplo, poderíase facer unha actividade colocando unha plaquiña ao pé de cada árbore co seu nome e o poema de Manuel María (no caso de telo).

Nota: Desde a Casa-Museo Manuel María podemos enviarvos un modelo de ficha.

19.- Realización da Semana Cultural Manuel María

Destinatarios: Todos os públicos.

Descrición: Pode ter interese agrupar algunhas destas actividades durante unha semana (ou quincena) para darlles máis relevo. Neste sentido, e unicamente como mera suxestión, podedes agrupar as actividades que aparecen entre as epígrafes 1 a 8.

Realización: O concello en colaboración con colexios e asociacións de todo tipo

20.- Sei dun país...

Existen moitas datas ao longo do ano para non esquecer. Se as celebrardes, debeses saber que Manuel María, como persoa atenta a todo o que atinxe ao ser humano, reflectiu na súa obra unha fonda preocupación pola defensa da cultura e a lingua propias, o pacifismo, a defensa do medio ambiente, os valores éticos por enriba dos mercantilistas, o dereito dos pobos a existir sen renunciar á súa identidade,... Por iso deixounos poemas que poden contribuír a realzar cada unha das conmemoracións anuais das que tan só vos apuntamos algunhas propostas.

Xaneiro:

30: Nacemento de Castelao, Día da Ilustración

30: Día Escolar da Paz e a Non violencia

Febreiro:

24: Nacemento de Rosalía

Marzo:

8: Día da muller

21: Día da poesía

21: Día dos bosques

27: Día do teatro.

Abril:

2: Día do libro infantil e xuvenil

23: Día do libro

Maio:

17: Día das letras Galegas

18: Centenario das Irmandades da Fala

Xuño:

5: Día do medio ambiente

Xullo:

25: Día Nacional de Galicia/ Día da Patria Galega

Agosto:

17: Día da Galiza Mártir

Setembro:



8: Falecemento de Manuel María

26: Día Europeo das linguas

Outubro:

6: Nacemento de Manuel María

24: Día das bibliotecas escolares

Novembro:

11: San Martiño: O magosto